



**PRADO  
DA CANDA**

Texto: **Andrés Fuertes Palomera**  
Portada e fotos: **Santiago Vega López**  
Coordinación: **Juan Andión Marán**

Diocese de Tui-Vigo  
Delegación de Patrimonio  
Doctor Corbal, 90  
36207 Vigo  
[www.diocesetuivigo.org](http://www.diocesetuivigo.org)

Dep. Legal: VG 70-2013

**A** mediados do século 13 chamábase esta parroquia Paramos da Canda, e daquela pertencía á Igrexa de Tui. Despois pasou á Xurisdición eclesiástica do Cabaleiro Comendador de Morentán, hoxe Beade, Orde Militar de S.<sup>o</sup> Xoán de Malta, baixo cuxa Xurisdición e dominio persevera na actualidade, sen ningunha dependencia dos S.<sup>os</sup> Bispos desta Diocese. Porén a súa Igrexa parroquial foi diferentes veces visitada polos Visitadores xenerais do Bispado, nomeados polos seus Prelados, como foi o 20 de Setembro de 1541; e dize no Auto desta Visita q.<sup>o</sup> a cura da presente parroquia era do Cabido Catedral de Tui, e a sen cura da Encomenda de Morentán; 18 de Outubro de 1560, 6 de Setembro de 1563, 30 de Xuño de 1577, e aquí vólvese repetir o mesmo q.<sup>o</sup> na primeira visita do ano 1541, e 30 de Maio de 1588. Isto proba que p.<sup>o</sup> entón os R.<sup>os</sup> Bispos de Tui aínda tiñan xurisdición na citada parroquia, pois do contrario estorbaran estas visitas aos Cabaleiros Comendadores, e non consta que o fixeran. Venera Prado da Canda p.<sup>o</sup> Patrón tutelar ao das Españas, Santiago Apóstolo o Maior, que celebran o 25 de Xullo. Consta a súa poboación de 90 veciños, q.<sup>o</sup> corresponden polo contencioso político e gubernativo á Xustiza de Covelo. Valen os seus décimos 5.500 rr.<sup>o</sup>, dos que goza o Párroco co título de Prior tres cuartas partes, e o Cabido Catedral de Tui a outra cuarta restante. Aquel ten Casa Reitoral, Igrexario e destros de 8 ferrados e medio de pan en semente. A fábrica da Igrexa non percibe nin ten renda nin cousa algunha. Este Beneficio é provistado sempre polo citado Cabaleiro Comendador. Dista de Tui 4 leguas e media." (Ávila y La Cueva, 408).





## Igrexa parroquial

A mediados do século XIII denominábase esta parroquia como Paramos da Canda; con este nome aparece na referencia que a ela se fai nos Milagres de S. Telmo, e dependía do Bispado de Tui.

Algúns pensan que esta denominación correspondería a un barrio xa desaparecido, situado entre Paraños e Prado.

Con posterioridade pasou a depender da Orde de S. Xoán de Malta, baixo a xurisdición de Mourentán, e logo, con esta, da encomenda e priorato de Beade.

A dependencia da Diocese mantívose de forma relativa neses séculos de pertenza á Orde de Malta, xa que os visitantes realizaban a súa correspondente vista pastoral, segundo consta en todas as efectuadas ao longo do século XVI, sen que a

Encomenda puxera dificultades.

Outras parroquias da nosa diocese, que dependían da Encomenda de Beade, eran as de Bugarín, Porto, Luneda e Mourentán. Os Cabaleiros da Orde de Malta ou de S. Xoán de Xerusalén foron os herdeiros do Temple, os templarios. No Concilio de Vienne, convocado polo Papa Clemente V no ano 1308, coa finalidade de reformar a Igrexa e recuperar Terra Santa, polas presións do rei francés ocasiona a disolución da Orde do Temple, e mándase que todos os seus bens pasen á Orde do Hospital de S. Xoán de Xerusalén, pero teñen que reclamálos durante anos, a causa da rapina e a picaresca dos nobres e dos reis.

No ano 1767 volve a depender totalmente da nosa Diocese, quedando como anexo dependente de Santiago de Covelo.

O estado da igrexa non debía ser moi bo, xa que o Cabido da Catedral de Tui paga as obras, realizadas no ano 1769 polo mestre carpinteiro Xosé de Castro, consistentes en colocar a cuberta da capela maior da igrexa, custando a madeira 140 reais, e a obra total 360 reais.

Ao constituírse como independente de Santiago de Covelo a nova parroquia da Lamosa, no ano 1783, creouse un problema de límites entre A Lamosa e Prado da Canda. O litixio prolongouse no tempo ata o xuízo realizado en 1836, no que interveñen os peritos nomeados polas dúas partes, D. Francisco Antonio Rubiños

e D. Ramón Vázquez, que eran da parroquia de Sta. Mariña de Covelo, sendo necesaria tamén a intervención dun terceiro, D. Xoán Antonio Rodríguez Amil, veciño de Guillade.

A igrexa (312) presenta a fachada principal cara ao poñente, moi sinxela. A porta rectangular e alintelada no centro, e sobre ela un pequeno ollo de boi sen máis adorno que o derrame externo.

Nos extremos apréciase o arranque da cornixa moldurada, que percorrerá a nave baixo a cuberta. No lado norte a fachada prolóngase para acoller as escaleiras de subida á espadana.

Sobre ela, e como terminación da portada, hai unha cornixa voada rematada en roleos aos pés da espadana. Nos extremos ten pináculos cónicos.

A espadana sitúase no centro sobre outra cornixa. No primeiro corpo ten dous arcos de medio punto, coas respectivas campás –unha delas do ano 1997–, e pináculos cónicos nos extremos. No segundo corpo ten outro arco, que agora está ocupado por unha imaxe pétrea da Virxe co Neno, tamén con pináculos similares nos extremos. Termina cun pequeno corpo, con oco central e pináculos laterais, con cruz céltica metálica de remate.

A nave ten planta rectangular e sostense con dous contrafortes por lado, entre os que se atopa a fiestra rectangular e de derrame externo. No lado norte, baixo a ventá, está a porta lateral. A cuberta é a dúas augas.

A capela maior ten planta cadrada. É máis alta que a nave. A cuberta é a catro augas e sustentada por unha cornixa moldurada en todo o seu contorno. Presenta fiestras rectangulares, ao norte e ao sur, para dar claridade ao presbiterio.

A sancristía está arrimada ao lado sur da capela maior. Ten cuberta a dúas augas sobre cornixa. Remata o paramento sur en capias, e no cumio un remate curvilíneo con cruz de pedra. Abre dúas xanelas ao leste, unha cadrada e outra máis pequena rectangular e con derrame externo.

A nave (314) preséntase dividida en tres tramos polos arcos de medio punto que apoian nos paramentos laterais. Conserva o antigo piso de pedra. Os paramentos laterais presentan a pedra vista e encintada, aínda que fose para estar lucida, xa que é de cachotería de sillarejos.

A cuberta é a dúas augas, en madeira, realizada o ano 2005, o mesmo que a do presbiterio.

Ten tribuna de madeira no primeiro tramo, colocada no ano 2009.

No terceiro tramo apréciase os ocos dos retablos laterais, agora inexistentes. O do lado sur ocúpase coa imaxe do Sagrado Corazón de Xesús, e no do lado norte está o retabliño de ánimas.



Na nave, tamén sobre peñas encostadas nos paramentos, hai outras imaxes, algunhas de consideración, como a de **S. Brais** (318).

Son de vestir as imaxes da **Virxe do Rosario** (319) e da **Dolorosa** (320), á que tamén lle colocan nas súas mans un fermoso rosario antigo.

Xunto ao estribo do arco triunfal, na grada do presbiterio, atópase a pía bautismal, pousada sobre unha columna de pedra. Presenta unha labra en forma de cuncha, e conserva aínda parte da súa policromía. É do século XVIII.

A **cruz parroquial** (321) é moi sinxela. A macoia é un único corpo, coroado en prata sobredourada e con cabeciñas de anhos. O enganche da cruz son catro follas de acanto. Os brazos están adornados con motivos vexetais en relevo. O Cristo está en agonía, e superponse pendendo de tres cravos. No cuadrón do reverso represéntase a Santiago na batalla de Clavijo. Foi restaurada no ano 1984.

Un dos párrocos de Prado da Canda, D. Manuel Lamela Rocha, natural da Lamosa, fillo de Santiago e Rosa, foi un gran impulsor da devoción ao Santísimo Sacramento e ao Sagrado Corazón de Xesús. Finou no ano 1924, con fama de gran virtude e santidad entre a xente.

#### FESTAS E ROMAXES DE PRADO DA CANDA

- Cerco de san Sebastián: Sábado seguinte ao 20 de xaneiro
- Sagrado Corazón: No día propio
- Santiago Apóstolo: 25 de xullo
- San Roque: 16 de agosto
- Nosa Señora do Rosario: 1º domingo de outubro

